



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A ASOCIACIÓN AMIGOS DO MUSEO CASA DO PATRÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E DE FOMENTO DA CULTURA GALEGA

Santiago de Compostela

REUNENSE

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, publicado no DOG número 242, do 1 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Don Manuel Blanco Villar, con DNI número 35252072H, na súa condición de presidente da Asociación Amigos do Museo Casa do Patrón, con CIF G36361434 e domicilio social no lugar de Codeseda nº 7, parroquia de Doade no Concello de Lalín (Pontevedra), que actúa no nome e en representación da devandita asociación segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

EXPOÑEN

1. Que, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego e a promoción e difusión da cultura, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego. Que no ámbito da Administración autonómica galega lle corresponden á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Cultura, as competencias de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia e, a promoción, defensa e difusión do patrimonio cultural de Galicia.

2. Que as partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o





Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

3. Que as asociacións e demais entidades culturais sen ánimo de lucro xogan un papel destacado no labor dinamizador. Concretamente unha destas entidades é a Asociación de Amigos do Museo Casa do Patrón que ten como obxectivo principal impulsar todo tipo de actividades culturais e artísticas, a través de conferencias, sesións de traballo, cursiños de divulgación, concursos exposicións, publicacións

4. Que a Asociación Amigos do Museo Casa do Patrón é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2000/000428-1, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e que ten como obxectivo principal manter vivo o Museo Casa do Patrón, promovendo e apoiando a súa labor a prol de recopilar e conservar a lingua e a cultura galegas.

5. Que o Museo Casa do Patrón, é un museo no rural con máis de 2.000 metros cadrados de exposición onde se expoñen máis de 4.500 pezas recollidas por toda a xeografía galega, pequenos aperos cunha grande historia, auténticos símbolos da Galicia dos tres últimos séculos. Que o Museo Casa do Patrón desenvolve unha serie de proxectos anuais para manter viva a tradición, recuperando prácticas de antaño que na actualidade se están perdendo, como a sega do cereal, a malla, a moenda, a matanza, o magosto....

6. Que dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver dentro do convenio, soamente poderán levarse a cabo pola citada entidade que, ademais, dispón de medios humanos e técnicos a través do persoal da propia asociación. Trátase dun referente único e exclusivo en Galicia e, polo tanto, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

7. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Amigos do Museo Casa do Patrón que teñen un interese común e coincidente que é o de promover e potenciar a lingua e a cultura galegas, manifestan a súa vontade de colaborar, xa que a consellería considera de especial interese para o fomento da lingua e da cultura galegas as actividades que desenvolve esta entidade.





Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2021, que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Cultura e a Asociación Amigos do Museo Casa do Patrón para a realización de actividades de fomento da lingua e da cultura galegas.

Segunda.- Obrigas da Asociación Amigos do Museo Casa do Patrón

Mediante a sinatura deste convenio, a Asociación Amigos do Museo Casa do Patrón comprométese a realizar en lingua galega as seguintes actuacións durante o ano 2021:

- Edición do Libro "Patrimonio inmaterial de San Pedro de Doade" no que se explicará dun xeito pormenorizado, profesional, rigoroso e ameno a forma de vida das xentes da parroquia de San Pedro de Doade, recollendo e estudando os diferentes elementos constituíntes do noso patrimonio inmaterial, centrando a investigación nos seguintes ámbitos: tradicións e expresións orais, usos sociais, rituais e actos festivos, coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo, técnicas artesanais tradicionais, aspectos vencellados á mitoloxía, medicina e religiosidade popular, crenzas relacionadas coas idades da vida, ciclo festivo-ritual do ano, literatura oral (cantigas, regueifas, refráns, ditos....)

- Organización montaxe e execución da XXII Edición da Malla Tradicional de Lalín e da VI Ruada da Malla, sendo o punto álxido o proceso do pan, actividade que vai precedida pola sementeira, a sega, o atado, o carrexo dos mollos, a feitura da meda, a preparación da eira, coa posterior moenda en muíños de regueiro. É a malla máis concorrida de Galicia con 70 participantes e máis de 2.000 visitantes, recreando as cinco modalidades históricas da malla por orde cronolóxica (á pedra, con males, con malladoiras manuais, con máquinas, motores e aventadoras e finalmente, a malladoira do tractor) que será complementada con exposición de artesanía popular, exposicións fotográficas das edicións anteriores, mostra de máquinas e motores da época e, serán musical a cargo de varias agrupacións de música e baile tradicional da comarca do Deza.

A Asociación Amigos do Museo Casa do Patrón comprométese a realizar as actividades citadas, porén, no suposto de que a situación de excepcionalidade sanitaria e saúde pública





producida pola COVID-19 continuase e, a entidade tivera que cambiar a data (dentro da vixencia do convenio) ou o formato de algunha das actividades contempladas nesta estipulación, terá que solicitalo telematicamente a esta Secretaría Xeral para que a modificación sexa autorizada polo Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

Así mesmo, se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das actividades contempladas nesta estipulación, esta modificación ou cambio se instrumentará mediante a correspondente addenda.

A Asociación encargárase de organizar, administrar, xestionar e contratar o persoal e as colaboracións que se precisen para a execución das actuacións previstas no convenio e facilitará os medios técnicos e humanos de que dispón para a súa realización.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e o uso dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Terceira.- Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Cuarta.- Financiamento

O custo total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **12.000,00 €**

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Cultura colabora cun importe total de **6.000,00 €**, coa seguinte desagregación:

- A Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborará na realización destas accións cunha achega económica por importe de **3.000,00**, con cargo á aplicación orzamentaria 10.50.151A.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.
- A Secretaría Xeral de Cultura colaborará na realización destas accións cunha achega económica por importe de **3.000,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria





10.40.432B.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

A Asociación achegará a cantidade restante de **6.000,00 €** para a realización das actividades previstas no convenio.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Quinta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

Para percibir a cantidade que achega a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Cultura, a Asociación Amigos do Museo Casa do Patrón presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2021 a seguinte documentación:

- Certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Os gastos xustificaranse con facturas.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- No caso de que se publiquen traballos entregarase na Secretaría Xeral de Política Lingüística un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.

No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio e por iso, xustifique gastos de persoal, a suma destes gastos non poderán superar o 30% do importe total do convenio.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento deberá presentar:





- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística será o órgano competente encargado de comprobar o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos. Unha vez comprobada a documentación, o Secretario Xeral de Política Lingüística emitirá certificado ao respecto que será enviado á Secretaría Xeral de Cultura para que tramite o correspondente documento contable OK e o remita a Secretaría Xeral de Política Lingüística para continuar coa tramitación do expediente para o seu pagamento.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A Asociación facilitará toda a información que lle requira a Consellería de Cultura, Educación e Universidade así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta.- Utilización da Lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerárase causa específica de resolución deste convenio.





Sétima.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Oitava.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

Novena.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2021. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décima.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, dous representantes da Secretaría Xeral de Cultura e dous representantes da Asociación Amigos do Museo Casa do Patrón. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.





Décimo primeira.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua e da cultura galegas.

Décimo Cuarta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.



Décimo quinta.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo sexta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

Román Rodríguez González

O presidente da Asociación Amigos do Museo
Casa do Patrón

Manuel Blanco Villar

